

TRABALLO DE CAMPO A VIDA DAS NOSAS AVOAS

por Judit Calvo Bouzón e Leticia García López

ÍNDICE

• <i>Índice</i>	1
• <i>Introducción</i>	2
• <i>Árbore xenealóxica</i>	3
• <i>Un día na vida das nosas avoas</i>	4
• <i>Traballos</i>	5
• <i>Lendas e traballos</i>	8

Introdución

O traballo a realizar céntrase na parroquia de “A Viña” no concello de Irixoa, en A Coruña. Aínda que nos teremos que desprazar cara outras aldeas veciñas para situar algunhas das narracións.

(Agardamos poder reproducir moi pronto a imaxe)

Neste mapa está sinalado o municipio de Irixoa.

Tratábase dunha aldea na que a base da economía era a agricultura. Ao tratarse dunha vila, a xente coñecía-se entre si.

As nosas avoas e o resto da súa familia, vivían nunha casa rural pequena. Obtiñan os alimentos traballando as terras e coidando ós animais.

Estes acontecementos transcorren aproximadamente na segunda metade do século XX, aínda que en cada historia intentaremos especificar todo o posible a data da que estamos a falar.

Para facer este traballo precisamos a axuda das nosas avoas. Xa que nós as dúas, temos unha relación de parentesco. Para que os podades facer unha idea do noso parentesco, representamos a nosa familia en común, na seguinte árbore xenealóxica.

Agora que xa expuxemos a nosa árbore xenealóxica, puidéchedes observar que as nosas avoas tiñan moitos irmáns, eran dez irmáns.

Na árbore aparecemos nosoutras como a xeración 0 e, as nosas avoas, como a xeración 2.

UN DÍA NA VIDA DAS NOSAS AVOAS CANDO ERAN MOZAS

A casa na que vivían as nosas avoas era unha casa vella e pequena para o número de integrantes da familia.

Un día na vida das nosas avoas era: madrugar e tomar o almorzo (feito polas mulleres), que constaba de caldo e ás veces pan. Algunhas veces os pais das nosas avoas deixábanas ir á escola, pero eran as menos das veces. Os nosos bisavós crían que a escola era só pra os nenos e só os varóns ían á escola. As mulleres quedábanse na casa e facían os traballos domésticos (lavar a roupa, limpar, facer a comida, etcétera) e os traballos no campo: coidar os animais e darles de comer, traballar nas terras... Temos que ter en conta que como eran moitos irmáns, as tarefas dividíanse dependendo da idade que tiñan, os maiores (normalmente as mulleres) coidaban aos máis pequenos, mentres que os medianos ían a traballar servindo noutras casas. Ao final do día, (algúns dos irmáns durmían na casa, como a avoa de Judit; pero outros vivían nas casas onde estaban traballando, como a avoa de Leticia) chegaban moi tarde de traballar, ceaban e retirábanse a durmir. Isto era un día na dura vida das nosas avoas.

(Agardamos poder reproducir moi pronto a imaxe)

Nestas imaxes podemos ver unha estampa típica do paisaxe de Galicia e na outra podemos ver como vestían antes.

TRABALLOS

Só había escola, como xa dixemos antes, para uns poucos. Comíase e almorzábase con caldo.

Nas casas había *caínzos*, que eran paus texidos onde se colgaban os chourizos para curalos, e na época das castañas tamén se poñían alí.

No interior da casa das nosas avoas, todo ao redor eran camas, onde se durmía, e abaixo estaban os cortellos para os animais.

As terras traballábanse a man, pero contaban coa axuda das vacas e do arado de ferro, que era moi pesado e incómodo. Sacábase o esterco das cortes, botábase no carro e levábase ás terras coas horquillas ou *espalladeiras*. Có esterco cubríase a terra. Despois levábase trigo ou centeo e se sementaba. Logo collíase o arado de madeira (tamén) e o *rudo* (ou couce). O *bórdelo*, nalgúns sitios era o cambito, axudaba a tirar das vacas ao mesmo tempo. Logo quedaban sucos, xuntábanse co raño para componder o esterco coa semente.

Plantación de patacas

Había que poñer o esterco en pilas, facíase o *rejo* coas vacas (normalmente dúas). Cortábanse as patacas para quitar a semente e íase botando no rejo adiante que se ía tapando co abono. Volvíase a arar e botábanse nos *rejos* e logo se volvían a tapar.

A recolleita (non se sulfataba): recollíanse as patacas a man axudadas có raño, cuns *paxos* grandes e cestos para meter as patacas, botábanse no carro, collíanse as vacas e poñíanse o *xugo*, e se levaban para a casa onde eran escollidas (as patacas máis grandes para comer, as patacas medianas utilizábanse para sementar, e as paequenas para cocer e servían como comida para os animais).

matanza dos porcos

Para as nosas avoas a **matanza dos porcos** quedáballes moi lonxe, xa que elas non tiñan porcos –elas decíamos que alí só mataban os porcos aqueles que tiñan máis cartos- aínda que si nos dixeron que na casa onde se mataban os porcos, unha vez que mataban o porco, os señores da casa comían as mellores partes, mentres que as peores dábanllas a xente que traballaban na casa. Tamén nos comentaron que había alguna xente que non daban comido todo o porco e preferían que se pudrira antes que darllo a alguén que o precisara, isto moitas veces facíanlo por aparentar, para que a demais xente vise que na súa casa se comía carne de porco.

(Agardamos poder reproducir moi pronto a imaxe)

Na fotografía podemos ver un home traballando a terra

(Agardamos poder reproducir moi pronto a imaxe)

Nesta imaxe podemos ver como traballaban fai moito tempo almacenando a palla para os animais nun montón

A vida foi moi dura

A maioría das terras eran traballadas para os “señores”. Nas colleitas facíanse tres montóns iguais e o dono das terras viña para *coller o terzo que lle pertencía, como imposto do terreo*, e escollía unha pila, a que el quería. O resto era para repartir entre os que traballaban as terras, e tamén había que darlle una parte á Igrexa.

A vida das nosas avoas foi moi dura, sobre todo a de Fina, avoa de Leticia, que con sete anos os seus pais mandárona a traballar a una casa nunha aldea próxima ata os doce anos. Alí tivo moitos problemas porque non estaba a gusto co trato que recibía e tiña que traballar moito. Para una nena desa idade supoñía un esforzo grandísimo. Tiña que facer o almorzo e a comida da dona da casa, coidar dos animais e darlles de comer, facer as tarefas da casa, traballar na terra, etc. Aínda por riba case non vía aos seus pais, tan só ía á casa os días que celebraban os patróns. Estivo nesta situación ata os catorce anos, que foi a vivir de novo, á súa casa natal.

Unha das cousas que máis nos sorprenderon do que nos dixo a avoa de Leticia é que nunha casa das que estivera traballando botábanlle o caldo que lles daban de comer e cando a chamaban para xantar, o caldo estaba cheo de moscas e que tiña que limpar o caldo, quitarlles as moscas e

comelo.

(Agardamos poder reproducir moi pronto a imaxe)

A matanza do porco só a podían facer aqueles que tiñan cerdos para matar, os que tiñan máis cartos.

(Agardamos poder reproducir moi pronto a imaxe)

Esta imaxe representa unha casa típica da zona da casa da nosa avoa que aínda se conserva moi ben.

LENDAS E ANÉCDOTAS CURIOSAS LENDAS

A Santa Compañía

A seguinte historia aconteceu a Fina, a avoa de Leticia, que estando traballando servindo nunha casa, con tan só doce anos (falamos aproximadamente do ano 1951). Un sábado, na casa onde traballaban, tiñan a herba para as vacas preparada en lotes. De repente, pola tarde, Fina sentiu como, de repente, abríronse todas as ventás da casa (para poder abrir as ventás había que facer forza) e entrou unha forte bafarada de vento e lovouse toda a herba que colocara nos lotes, e cerráronse as ventás, todo isto ocorreu en cuestión de segundos. Para o día seguinte, estando a avoa de Leticia e a señora da casa comendo, Fina serviulle a muller un pouco de leite callado, que lle gustaba moito, a señora levantouse e deulle as grazas por facer aquel leite tan bo e deulle unha forte aperta. Cando lle estaba dando a aperta, Fina sentiu que todo o peso da señora recaía sobre ela, e quedou medio atrapada entre a cociña e unha mesa plegable que había na estancia. Pouco a pouco, a nosa protagonista, foise liberando do corpo da muller que se desplomou e perdeu a vida nese mesmo intre.

A avoa de Leticia, relacionou o acontecido o sábado, como un aviso da Santa Compañía de que iba ir a visitar esa casa.

(Agardamos poder reproducir moi pronto a imaxe)

A Santa Compañía aparecía nos camiños escuros pola noite

(Agardamos poder reproducir moi pronto a imaxe)

O sonido de moitas pega e corvos asóciase coa visita da Santa Compañía

Outra experiencia vivida pola avoa de Leticia, foi cando naceu unha sobriña das nosas avoas, Fina, para axudar á súa irmá, coidáballe as vacas. Un día, de volta a casa, fíxoselle máis tarde que de costume e encontrouse con que tiña que volver para a casa de noite. Acostumaba ir por outro camino, pero para non chegar tan tarde a casa, colleu un atallo onde todo era monte. Estando nunha encrucillada, sentiu os berros de corvos e pegas, e sentiu o sonido dunha campá. De súpeto apareceu nun muíño, preto do lugar onde se atopaba e non sabía como chegara alí. Cando se deu conta, tiña a roupa, de cintura para abaixo, convertida en tiras. Ela non estaba ferida, pero tiña moito medo. Volveu para casa. Para o día seguinte, o pai da sobriña das nosas avoas informoulles de que un veciño deles, que o día anterior estivera traballando con el na beira do río, falecera de súpeto.

Tamén relacionou o acontecido no monte coa Santa Compañía, xa que tiña certa relación co que a xente denominaba como visita da Santa Compañía. Cruzouse no medio do camino da Santa Compañía, que ía a buscar o veciño.

(Agardamos poder reproducir moi pronto a imaxe)

A Santa Compañía é unha das lendas máis famosas de Galicia.

Outra experiencia vivida pola avoa de Leticia, foi a visita das “Ánimas” durante o seu primeiro embarazo. Durante todo o embarazo entre as catro e media e cinco menos carto da mañá, escoitaba uns berros fortes que non sabía se eran de home ou de muller, e despois aparecéuselle a imaxe dunha nena vestida de primeira comunión que brincaba pola habitación, e cando esa nena se lle aparecía os berros ían disminuindo.

Fina, asustada, consultoulle á súa nai o que lle acontecía, e a nai díxolle que cando ela estivera embarazada, tamén lle ocorrera, que non tivera medo, era a visita das “Ánimas” e que cando a ela lle pasara foino a consultar có cura da parroquia, e lle dixo que era a visita das “Ánimas”, que se lle aparecía a algunas mulleres embarazadas, pero non a todas, porque non todas o podían soportar.

*Coa chegada da nena de comunión a avoa de Leticia pasábao verdadeiramente mal.
Tratábase da Visita das Ánimas*

ANÉCDOTAS

Unha tía das nosas avoas estaba moi enferma na cama e non se podía levantar. Unha das veciñas da casa, que sabía moito de como desfacer meigallo e bruxerías, díxolles que iso de que se puxese tan enferma de repente era porque alguén lle estaba a facer mal. O mozo da tía das nosas avoas, que non cría en bruxería, sentiuse tan desesperado por ver como a súa moza apagábase pouco a pouco que probou a facer un remedio que lle dixera a veciña: antes do raiar do sol tiña que encender a lareira e empezar a barrer a cociña dende os marcos das portas (a cociña comunicábase, mediante portas, co resto das estancias da casa) cara arriba (onde estaba a lareira) e xuntar toda a porquería que barrera e quemala na lareira, cando fixese isto, ía sentir una voz que ía recoñecer, era a da persoa que lle estaba facendo o mal a tía das nosas avoas. Así o fixo, e sentiu o berro dunha muller que gritaba o seu nome, que se chamaba Manuela, e recoñeceu a voz. Tratábase dunha moza que estivera con el antes que el estivese coa nosa parenta.

Pasado un tempo, a rapaza seguía sen mellorar, e a veciña que anteriormente apareceu na nosa historia, díxolle que ela sabía un remedio para poder curala: a enferma, a veciña e unha irmá das nosas avoas, a cal contounos esta historia, foron a unha igrexa. O que tiñan que facer era subir a costa que había para chegar á igrexa sen mirar nunca atrás acontecese o que acontecese, e así o fixeron. Cando estaban subindo, sentían voces que lles dicían : ”¿A onde ides?, ¿a ondes ides, bruxas? Bruxas, bruuuxas!”-a nosa tía avoa dicíanos que lle extrañaba moito porque ningún nese lugar as coñecía e non sabían quen lles podía estar chamando bruxas- a veciña díxolles que non mirasen cara atrás, senón todo o que estaban facendo non serviría de nada. Cando chegaron á igrexa, a tía avoa quedouse diante da igrexa sentada vixiando. A enferma e a veciña tiñan que dar nove voltas arredor da igrexa ao sentido contrario das agullas do reloxo e sobre todo, non falar nada mentres estaban dando as nove voltas. Nunha das últimas voltas aparecéuselles no medio unha especie de home xigante (a nosa tía avoa describiuno como unha “besta”) que diante delas comezou a “bailar”. As dúas mulleres miráronse pero sen falar e continuaron acabando as voltas. Unha vez acabada esta parte, tiñan que coller nove pedras e botalas no interior da igrexa mediante un burato

que tiña a porta desta. Tiraron oito pedras, facendo o ruído normal que estas poden producir, e cando tiraron a novena pedra, sentiron un ruído moi grande, como se se caesen moitas cousas, cousa que coas outras oito pedras non acontecera. O ritual rematara. De volta para casa, o traxecto tivéranos que facer en coche de línea, a enferma comezou a sentirse moitísimo mellor e a coller cor na cara. Cando chegaron á aldea a muller que vivía non moi preto da casa das nosas avoas, foi para a súa sen axuda de ninguén. E dende aquela a muller empezou a sentirse mellor e a recobrar a saúde. Ao final a muller acabou casando con Manuel.

(Agardamos poder reproducir moi pronto a imaxe)

Despois dunha longa enfermidade, que ninguén sabía explicar o que era, a muller empezouse a sentirse mellor despois da visita a unha igrexa.

As traizóns

Estando a nosa bisavoa muxindo unha vaca, saíulle toda a leite chea de sangue, a penas podíase ver que era leite. Unha das irmás da nosa avoa, díxolle que iso podía ser un mal de ollo, cousa de bruxas (chamábanlle as traizóns, e as vacas que o sufrían inchábanse), e para desfacer o meigallo fervían a leite que estaba cheo de sangue nunha cazarola de barro, sempre antes do raiar do sol, e cun coitelo facíanlle cruces enriba do leite mentres dicían unas palabras que as nosas avoas non recordan. A nosa bisavoa, ao día seguinte, muxiu a mesma vaca que o día anterior dera un leite cheo de sangue, e agora o leite estaba en perfectas condicións.

Tamén se consideraba de moi mala sorte se rompía a cazarola que contiña o leite que estaba mesturado coa sangue.

Os porcos cheos de pulgas

A seguinte experiencia ocorreulle ao avó de Judit. Todos os días, a tardiña, regresaba á casa en bicicleta despois de traballar. Un día mentres estaba chegando a súa casa, unha señora que era coñecida na vila por facer bruxerías, miroulle mal. O avó de Judit quedouse mirando para a señora pero logo esqueceuse diso e, ao chegar á casa, pasoulle a man por riba dun dos dous porcos que tiñan nas bodegas, e este encheuse de piollos. A avoa de Judit que estaba presente viuño todo, e preguntoulle que fixera, el contestoulle que non fixera nada, que só lle pasara a man por riba.

Outro día, volvendo o avó de Judit de traballar, volveu a ver a señora e mirouno igual que a outra vez e se lle retorceu o guiador da bici e a pouco máis tivo un accidente. Ao chegar a casa, para comprobar se fora a señora quen lle fixera encher o porco de pulgas a outra vez, pasoulle a man ao porco e volveu acontecer o mesmo. Basilia, a avoa de Judit, díxonos que ao pouco tempo de ocorrer isto a señora morreu e nunca máis lles volveu pasar o mesmo.

(Agardamos poder reproducir moi pronto a imaxe)

Ao final conseguiron quitarlle o meigallo a vaca que daba a leite con sangue